

THAT'S ENTERTAINMENT

CURSO EN LIÑA DE MODA E CINEMA

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

Do 26 de febreiro ao 13 de marzo de 2025

Horario: de 19:00 a 20:30 h

DIRECCIÓN: Blanca Paula Rodríguez Garabatos



A sétima arte e a moda viviron, desde as súas orixes, en constante e sorprendente interacción. Xa en 1931, Coco Chanel sentenciaba: “É mediante o cinema que hoxe pode impoñerse a moda”. As películas, por tanto, serviron para a construción de tendencias e iconas *fashion*, pero tamén nos permitiron indagar, en cada momento, acerca de ideas como a modernidade, os estereotipos de xénero ou o *sex appeal*.

Mulleres como Katherine Hepburn, Marlene Dietrich ou Marilyn Monroe fan posible, máis alá da mitomanía, explorar a sociedade da súa época e abordar temas como a evolución do papel social da muller ou a importancia dos movementos de emancipación que, inevitablemente, atopan o seu espello tanto na gran pantalla coma nas pasarelas de moda.

A creación do vestiario e das películas precisa da participación de profesionais da dirección, da actuación, da costura e do deseño. Todos estes traballadores e traballadoras da industria do cinema contribuíron a articular unha estética que se trasladou á vida cotiá e que foi obxecto de admiración e emulación ata o día de hoxe por parte das persoas de a pé.

Pode alguén abstraerse da imaxe asociada ao encanto de Audrey Hepburn, ao *glamour* de Gloria Swanson, ao erotismo de Marilyn Monroe ou á fortaleza de Joan Crawford? Rotundamente, non. Foi a moda un elemento fundamental na construción de todas estas calidades icónicas? Evidentemente, si.

As grandes estrelas perfílanse nos fotogramas do cinema a través dos grandes estilismos, que identifican singularmente diversos arquetipos de muller que foron, son e serán inmortais. No presente curso, imos revisalos.

PROGRAMA

26 febreiro	Construcións da feminidade: de Clara Bow a Gloria Swanson
27 febreiro	Mulleres no <i>altar da moda</i> : Davis, Dietrich, Crawford...
5 marzo	Sexo e guerras: Hepburn, Hayworth
6 marzo	Amas de casa, mozas gacela e <i>sex appeal</i> : Doris Day, Audrey Hepburn, Marilyn Monroe
13 marzo	Ser ou non ser... loura: a hora de Alfred Hitchcock

El séptimo arte y la moda han vivido, desde sus orígenes, en constante y sorprendente interacción. Ya en 1931, Coco Chanel sentenciaba: “Es mediante el cine que hoy puede imponerse la moda”. Las películas, por tanto, han servido para la construcción de tendencias e iconos *fashion* pero también nos han permitido indagar, en cada momento, acerca de ideas como la modernidad, los estereotipos de género o el *sex appeal*.

Mujeres como Katherine Hepburn, Marlene Dietrich o Marilyn Monroe hacen posible, más allá de la mitomanía, explorar la sociedad de su época y abordar temas como la evolución del papel social de la mujer o la importancia de los movimientos de emancipación que, inevitablemente, encuentran su espejo tanto en la gran pantalla como en las pasarelas de moda.

La creación del vestuario y de las películas precisa de la participación de profesionales de la dirección, la actuación, la costura y el diseño. Todos estos trabajadores de la industria del cine han contribuido a articular una estética que se ha trasladado a la vida cotidiana y que ha sido objeto de admiración y emulación por parte de las personas de a pie, hasta el día de hoy.

¿Puede alguien abstraerse de la imagen asociada al encanto de Audrey Hepburn, al *glamour* de Gloria Swanson, al erotismo de Marilyn Monroe o a la fortaleza de Joan Crawford? Rotundamente, no. ¿Ha sido la moda un elemento fundamental en la construcción de todas estas cualidades icónicas? Evidentemente, sí.

Las grandes estrellas se perfilan en los fotogramas del cine a través de los grandes estilismos que identifican, singularmente, diversos arquetipos de mujer que fueron, son y serán inmortales. En el presente curso, vamos a revisarlos.

PROGRAMA

26 febreiro	Construcciones de la feminidad: de Clara Bow a Gloria Swanson
27 febreiro	Mujeres en el <i>altar de la moda</i> : Davis, Dietrich, Crawford...
5 marzo	Sexo y guerras: Hepburn, Hayworth
6 marzo	Amas de casa, chicas gacela y <i>sex appeal</i> : Doris Day, Audrey Hepburn, Marilyn Monroe
13 marzo	Ser o no ser... rubia: la hora de Alfred Hitchcock

BLANCA PAULA RODRÍGUEZ GARABATOS (Santiago de Compostela, 1973) é catedrática en Xeografía e Historia, investigadora e docente. Licenciouse en Dereito e en Historia, na especialidade de Historia Contemporánea e Estudos Americanos, pola Universidade de Santiago de Compostela, e é doutora en Estudos Literarios pola Universidade da Coruña, cunha tese titulada “Moda de la *belle époque* e indumentaria en la obra de Emilia Pardo Bazán”. Impartiu conferencias sobre moda en diferentes seminarios da UDC e participou na Fashion and Design Conference, organizada en 2020 pola Escola de Deseño Têxtil e Moda de Galicia (Esdemga) en Pontevedra. Dirixiu os cursos *Vestindo a época. A moda, a oitava arte* (2021), *Feminino plural: catro evanxelistas da moda na arte contemporánea* (2022) e *Diálogos Avant Garde* (2024), organizados polo CGAC. Ademais, é autora dos libros *Emilia Pardo Bazán y la moda* e *Emilia Pardo Bazán: visiones del dandismo*, publicados ambos por Hércules Ediciones. En 2023 recibiu o XIV Premio Manuel Murguía de ensaio por un texto titulado *Catro exemplos da arte dexenerada galega fóra da España saudable*. Colabora de maneira habitual coas revistas de cinema *Versión original* e *Iconica* e é autora de diversos artigos sobre as relacións entre a moda, a literatura e a arte en publicacións como *Tropelías*, *Boletín galego de literatura*, *DeSignis*, *Cuadernos hispanoamericanos* ou *La tribuna*.

BLANCA PAULA RODRÍGUEZ GARABATOS (Santiago de Compostela, 1973) es catedrática en Geografía e Historia, investigadora y docente. Se licenció en Derecho y en Historia, en la especialidad de Historia Contemporánea y Estudios Americanos, por la Universidad de Santiago de Compostela y es doctora en Estudios Literarios por la Universidad de A Coruña, con una tesis titulada “Moda de la *belle époque* e indumentaria en la obra de Emilia Pardo Bazán”. Ha impartido conferencias sobre moda en diferentes seminarios de la UDC y ha participado en la Fashion and Design Conference, organizada en 2020 por la Escuela de Diseño Textil y Moda de Galicia (Esdemga) en Pontevedra. Ha dirigido los cursos *Vistiendo la época. La moda, el octavo arte* (2021), *Femenino plural: cuatro evangelistas de la moda en el arte contemporáneo* (2022) y *Diálogos Avant Garde* (2024), organizados por el CGAC. Además, es autora de los libros *Emilia Pardo Bazán y la moda* y *Emilia Pardo Bazán: visiones del dandismo*, publicados ambos por Hércules Ediciones. En 2023 recibió el XIV premio Manuel Murguía de ensayo por un texto titulado *Catro exemplos da arte dexenerada galega fóra da España saudable*. Colabora de manera habitual con las revistas de cine *Versión original* e *Iconica* y es autora de diversos artículos sobre las relaciones entre la moda, la literatura y el arte en publicaciones como *Tropelías*, *Boletín galego de literatura*, *DeSignis*, *Cuadernos hispanoamericanos* o *La tribuna*.

PERSOAS DESTINATARIAS

Persoas interesadas na historia da moda e na historia do cinema

INSCRIPCIÓN

O prazo de inscrición está aberto desde o 14 de xaneiro ata o 24 de febreiro de 2025. As persoas interesadas poden enviar unha mensaxe electrónica a cgac.educacion@xunta.gal, onde deberán indicar o seu nome e apelidos, DNI, estudos, área de traballo ou interese, un enderezo de correo electrónico e un teléfono de contacto. Unha vez que se acepte a solicitude, as persoas rexistradas recibirán información sobre como deben realizar o pago e sobre como poden conectarse ás sesións en liña.

PRAZAS: 100

MATRÍCULA: 30 €

CERTIFICACIÓN

O CGAC expediralles un certificado de aproveitamento do curso a todas aquelas persoas que participen, como mínimo, no 70 % das sesións.

COORDINACIÓN: Virginia Villar

PERSONAS DESTINATARIAS

Personas interesadas en la historia de la moda y en la historia del cine

INSCRIPCIÓN

El plazo de inscripción está abierto desde el 14 de enero hasta el 24 de febrero de 2025. Las personas interesadas pueden enviar un mensaje electrónico a cgac.educacion@xunta.gal en el que deberán indicar su nombre y apellidos, DNI, estudios, área de trabajo o interés, una dirección de correo electrónico y un teléfono de contacto. Una vez que se acepte la solicitud, las personas inscritas recibirán información sobre cómo deben realizar el pago y sobre cómo pueden conectarse a las sesiones en línea.

PLAZAS: 100

MATRÍCULA: 30 €

CERTIFICACIÓN

El CGAC expedirá un certificado de aprovechamiento del curso a todas aquellas personas que participen, como mínimo, en el 70 % de las sesiones.

COORDINACIÓN: Virginia Villar